

**EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 24 DE AGOSTO DE 2015.**

**Alcalde-Presidente:**

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

**Concelleiros:**

D<sup>a</sup>. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.

D<sup>a</sup>. TERESA VARELA FISTEUS.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D<sup>a</sup>. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D. JOSÉ MANUEL HERMIDA ARIAS.

D<sup>a</sup>. LARA RODRÍGUEZ PEÑA

**Secretaria Accidental:**

D<sup>a</sup>. FÁTIMA CORTIZO SEIJAS.

**Interventora Accidental:**

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> CARMEN MÉIJOME ÁLVAREZ.

**Non asiste:**


D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NÚM. 33 DE DATA 17 DE AGOSTO DE 2015.**

Acordouse aprobar a acta Núm. 33/2015 da sesión ordinaria celebrada pola Xunta de Goberno Local o día 17 de agosto de 2015 e proceder á súa transcripción ao libro de actas.

**2.- LICENZAS DE OBRAS.**

**2.1.- Acordouse CONCEDER LICENZA DE OBRA para a realización de obras**



Secretaría Xeral

**de conservación e restauración de cuberta e fachada en vivenda unifamiliar sita en Eirexe, 6 - Donsión – Lalín**, e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal de data 11/08/15 en concepto de Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras por importe de 149,85 euros. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.

**2.2.- Acordouse CONCEDER LICENZA DE OBRA para instalación de explotación avícola nunha finca coa referencia catastral 36024A144001650000BP, sita en Goiás – Lalín**, e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal de data 20/08/15 en concepto de Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras por importe de 10.096,45 euros. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.

**2.3.- Acordouse CONCEDER PRÓRROGA DE LICENZA DE OBRA concedida para a construción dunha vivenda unifamiliar illada nas Tecedeiras – Castro de Cabras – Lalín.**

### **3.- COMUNICACIÓN PREVIAS DE OBRAS.-**

**3.1.- Acordouse a EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS PRESENTADA para a execución de obras de reparación na Estación de Autobuses, sita na avda. da Estación, 8 – Lalín**, e aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal de data 10/08/15 por importe de de 535,60 euros en concepto de ICIO. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.

**3.2.- Acordouse a EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS para reforma de dous baños na vivenda sita na avda. Luís González Taboada, 14 - 1º - Lalín**, e aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal de data 19/08/15 por importe de de 55,50 euros en concepto de ICIO. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.

**3.3.- Acordouse a EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS para a realización de obras de substitución de material de cubrición, a base de substitución de chapas de fibrocemento e colocación de tella cerámica curva, no edificio sito na rúa Alcalde Ferreiro, 14 – Lalín**, e aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal de data 18/08/15 por importe de de 161,65 euros en concepto de ICIO. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.

**3.4.- Acordouse a EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS para**



Secretaría Xeral

a realización de obras consistentes en renovación de pavimentos, carpintería interior de portas e aparatos sanitarios no interior da vivenda sita na avda. de Buenos Aires, 24 - 2º – Lalín, e aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal de data 17/08/15 por importe de de 65,56 euros en concepto de ICIO. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.

**3.5.-** Acordouse a **EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS** para a realización de obras de reposición de material de cuberta de tella cerámica plana actual por tella cerámica curva nova, na edificación sita na rúa Pintor Laxeiro nº 13 – Lalín, e aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal de data 14/08/15 por importe de de 96,81 euros en concepto de ICIO. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.

Igualmente, consta a constitución da fianza, con data 14/08/15, por importe de 1500 euros.

#### **4.- COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE.-**

**4.1.-** Acordouse a **EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE** para taller e exposición - venta de maquinaria agrícola en Filgueira, 37 – Lalín.

#### **5.- INFORME PREVIO.-**

**5.1.-** Acordouse aprobar o informe do técnico municipal, de data 17/08/15, en relación á **comunicación previa de obras para o revestimento con pedra natural dun muíño sito na parcela catastral 36024A168002590000BR, en Prado-Lalín**, e remitir o expediente completo ao Servizo de Patrimonio Cultural da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

#### **6.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.-**

**6.1.-** Acordouse prorrogar de mutuo acordo coa empresa contratista **XUNCOGA S.C.G.**, o contrato administrativo denominado **SERVIZO DE SUBSTITUCIÓN DOS GANDEIROS (CSE092014)**”, por unha duración de un (1) ano, e en consecuencia, extenderase desde o día 1 de setembro de 2015 ata o día 31 de agosto de 2016.



Secretaría Xeral

**6.2.-** Acordouse aprobar o *Proxecto Modificado Básico e de execución. Rehabilitación de la Casa Consistorial de Lalín para destinala a Biblioteca Municipal*, redactado por D. Luís Fernández Fernández, con data de 21 de xullo de 2015, cun orzamento de 55.414,13 €, IVE incluído, notificarlle a **CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.**, adxudicataria do contrato denominado “**REHABILITACIÓN DA ANTIGA CASA DO CONCELLO DE LALÍN**” (CO042014), o presente acordo e citala para a formalización da modificación do contrato no prazo de quince días hábiles a contar desde o seguinte a aquel en que reciba a presente documentación e requerirle ao adxudicatario para que, no prazo indicado no parágrafo anterior, proceda á ampliación da garantía definitiva por importe do 5% do valor do modificado (excluído o IVE).

## **7.- FACTURAS E CONTAS.**

Previa existencia de consignación orzamentaria axeitada e suficiente e fiscalizado con conformidade pola Intervención Municipal, acordouse aprobar e declarar de abono as relacións de facturas números 124, por importe global de 25.721,15 euros, **125, por importe global de 53.043,82 euros e 125, por importe global de 240,50 euros.**

## **8.- CERTIFICACIÓNS DE OBRAS.**

**8.1.-** Acordouse aprobar a certificación de obra núm. 7 da obra “**REHABILITACIÓN DA ANTIGA CASA DO CONCELLO DE LALÍN**” presentada pola entidade CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS S.L., cun importe que se acredita para o seu abono ao adxudicatario de **8.640,94 €.**

## **9.- EXPEDIENTES DE PERSOAL.-**

**9.1.-**Acordouse aprobar as bases de selección para o nomeamento en propiedade polo procedemento ordinario mediante oposición libre de tres (3) prazas da categoría de policía locais como funcionarios de carreira deste Concello.

## **10.- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS.-**

**10.1.-** Acordouse a devolución e cancelación da fianza depositada na Tesourería Municipal por importe de **1.350,00 euros**, como garantía para responder da obra de colocación de tella cerámica curva na rúa Principal, nº 18, Lalín.



## **11.- RESOLUCIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA EXPEDIENTE DE EXPROPIACIÓN FORZOSA.-**

Acordouse desestimar o recurso de reposición formulado por interesados contra a resolución de 6 de xullo pola que se desestima a petición de pago do xusto prezo da parcela nº 20 por importe de 1.665,20 euros depositada na Caixa Xeral de depósitos, ata que quede acreditado de forma fehaciente a propiedade da parcela mencionada.

## **12.- PROPOSTAS DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.-**

**12.1.-** Acordouse cambiar o emprazamento da estatua de D. Xosé Cuiña Crespo ao contorno da nova Casa Consistorial, en concreto no espazo axardinado existente no entronque entre as rúas Avenida Xosé Cuiña e rúa da Habana.

**12.2.-** Acordouse acollerse *ORDE do 16 de xullo de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións para o ano 2015 para a adxudicación de equipamentos de emerxencias, en réxime de concorrencia competitiva, a concellos de menos de 50.000 habitantes, mancomunidades ou agrupacións de concellos galegos, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder-Galicia 2007-2013 (DOG nº 143 de 30/07/2015) e solicitar a cesión dun remolque para atención ás emerxencias (Liña 2) con destino a Protección Civil.*

**12.3.-** Acordouse **conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía** número 05/2015, con carácter provisional por un ano.

**12.4.-** Acordouse **conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía** número 06/2015, con carácter provisional por un ano.

**12.5.-** Acordouse aprobar a **baixa de dous usuarios no Servizo de Axuda no Fogar, na modalidade para persoas en situación de dependencia.**

**12.6.-** Acordouse contratar coa empresa Centro de Orientación de Estudos Comerciales, S.L. ( COESCO) o desenvolvemento da **terceira quenda do campamento Escola de Verán**, e autorizar e comprometer un gasto por un importe de 2.695€ , para atender ao antedito contrato menor de servizos.

**12.7.-** Acordouse aprobar a modificación do proxecto da obra a realizar ao abeiro da



Secretaría Xeral

Orde do 31 de decembro de 2014 da Consellería de Economía e Industria para a mellora de mercados municipais e prazas de abastos e solicitar a modificación da resolución da subvención concedida, acolléndose ao artigo 14 da Orde do 31 de decembro de 2014 da Consellería de Economía e Industria para a mellora de mercados municipais e prazas de abastos, solicitando unha subvención total de 5.668,64 €.

**12.8.-** Acordouse comprometer o gasto por importe de 2.226,40 euros (IVE incluído), con destino ás actuacións de **reparación e conservación a realizar no centro municipal de formación ocupacional**, e contratar coa empresa Albañilería Luis Miguel S.L.U. a realización das citadas actuacións, con suxeición ao réxime dos contratos menores de servizos.

**12.9.-** Acordouse **aprobar as bases do programa de infravivenda municipal** e autorizar o gasto por importe de 20.000 €.

### **13.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-**

**13.1.-** Acordouse conceder autorización municipal para o uso da Praza da Igrexa e a colocación de cadeiras, unha carpa (en caso de choiva), atril e mastro para bandeira para conmemorar o Día do Compromiso Galego o día 12 de setembro de 2015 en horario de 14:00 a 22:00 horas.


**13.2.-** Acordouse **informar favorablemente a celebración da proba denominada 2º Rallye de Regularidade da Comarca do Deza**, organizada pola Escudería Lalín-Deza, no que se refire ao percorrido polas rúas e estradas deste Concello de Lalín, e que terá lugar o vindeiro día 17 de outubro de 2015.

**13.3.-** Dáse conta do escrito remitido pola **Consellería de Traballo e Benestar** no que se informa que con data 29 de xullo de 2015 procedeuse a un incremento de 114 horas/mes do servizo de axuda no fogar ás persoas en situación de dependencia do Concello de Lalín, co seu correspondente financiamento.

### **14.- CORRECIÓN DE ERROS.-**

**14.1.-** Acordouse **corrixir o erro** cometido na redacción do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o día 3 de agosto de 2015, en relación ao punto 9.5. Escritos e comunicacións.





Lalínmcero

Secretaría Xeral



Concello de Lalín

**14.2.-** Acordouse **corrixir o erro** cometido na redacción do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o día 10 de agosto de 2015, en relación ao punto 5.- Facturas e contas, posto que nas relacións de facturas aprobadas omitiuse o concepto das mesmas.

=====

